

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 5 DE FEBREIRO DE 2016

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

LIC/1848/2015.- SCQ PLATFORMS, S. L.- Conceder a licenza de obras para a ampliación dunha nave comercial de planta baixa, semisoto e soto na rúa Polonia, 2.

#### RECURSO DE REPOSICION.-

LIC/1823/2015.- MANUELA DOLORES MARTINEZ GONZALEZ.- Rexeitar o recurso de reposición presentado e manter a aplicación da suspensión de licenzas acordada na Xunta de Goberno Local de 27 de novembro de 2015.

**1.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de obras para a ampliación dunha nave comercial de planta baixa, semisoto e soto na rúa Polonia, 2. (LIC/1848/2015). Apróbase a proposta.**

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa ao rexeitamento de recurso de reposición e mantemento da aplicación da suspensión de licenzas acordada na Xunta de Goberno Local de 27 de novembro de 2015. (LIC/1823/2015). Apróbase a proposta.**

**3.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á rectificación do acordo de data 13 de novembro de 2015, respecto do expediente de beneficio fiscal no Imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana, tramitado a nome de D.ELISARDO MIRAMONTES FANDIÑO. Apróbase a proposta.**

**4.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión de bonificación na taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público municipal a CENTRAL DE TELECONTENIDOS, SL. Acórdase conceder a bonificación do 50% na citada taxa, ao abeiro do disposto no artigo 8.1 da Ordenanza nº3.24 pola realización de rodaxe cinematográfica na cidade, en concreto da serie de televisión Pazo de Familia.**

**5.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Apróbase a proposta.**

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Educación relativa á corrección do acordo nº 27 da Xunta de Goberno de data 20.11.2015 relativo ao "Servizo de comedores escolares no Concello de Santiago de Compostela para os cursos escolares 2015-2016 e 2016-2017".** Acórdase corrixir un erro no acordo da Xunta de Goberno do 20.11.2015, relativo á data de celebración da mesa de contratación á que fai referencia (a data correcta é o 29 de outubro de 2015, e non o 29 de novembro como se recolleu no acordo da Xunta de Goberno)

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía para dar conta de concesión de subvención do Plan concertado de Servizos Sociais: Proxecto Anual de Servizos Sociais Comunitarios Municipais 2015.** Dase conta da achega aportada pola Consellería de Traballo e Benestar para o financiamento das escolas infantís de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños durante o exercicio 2015, por un importe de 78.200€. En concreto, as transferencias finalistas do departamento autonómico son de 18.400€ para a Escola Infantil Municipal de Conxo; 41.400 € para a de Meixonfrío-Salgueiriños; e de 18.400 € para a Escola Infantil Municipal de Fontiñas.

**8.- Proposta do alcalde relativa á prórroga do contrato de aluguer do local nº 3 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais (Servizos Básicos).**

Acórdase prorrogar o contrato de aluguer polo prazo dun ano, a contar desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2016. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo, e o importe a abonar polo Concello será de 7.372,16€

**9.- Proposta do alcalde relativa á prórroga do contrato de aluguer do local nº 9 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais (Atención ao Cidadá).**

Acórdase prorrogar o contrato de aluguer polo prazo dun ano, a contar desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2016. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo, e o importe a abonar polo Concello será de 8.632,92€

**10.- Proposta do alcalde relativa á prórroga do contrato de aluguer do local nº 10 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais (Rexistro Xeral).**

Acórdase prorrogar o contrato de aluguer polo prazo dun ano, a contar desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2016. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo, e o importe a abonar polo Concello será de 8.632,92 €

**11.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativas á denegación de axudas do Programa Santiago Suma de Inclusión Social. (SRS/48/2015, SRS/121/2015 e SRS/138/2015). Apróbbase a proposta.**

**12.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa ao expediente: Modificación de zonas de escolarización en Santiago de Compostela para o curso escolar 2016-2017.** Maniféstase a conformidade do Concello á proposta da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de modificación das zonas de escolarización en Santiago. Esa modificación supón a ampliación das áreas de influencia dos centros privados concertados no centro da cidade, a ampliación das zonas do CEIP Pío XII, na que se engade a zona de Romero Donallo, e do CEIP Quiroga Palacios, que asume a rúa Santiago de Chile.